

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2017 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2016.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Consello da Cultura Galega no terceiro cuadrimestre do ano 2016, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Ramón Villares Paz
Presidente do Consello da Cultura Galega

ANEXO

Convenio	Achega do Consello da Cultura Galega	Data de sinatura
Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Fundación Galicia Obra Social.	Sen dotación económica	20.9.2016
Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Consello da Cultura Galega para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.	Sen dotación económica	15.11.2016
Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e Himilce Novas para a doazón, conservación e difusión do arquivo persoal de Lino Novás Calvo.	Sen dotación económica	30.11.2016
Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes Saavedra.	Sen dotación económica	12.12.2016
Addenda ao convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do estudo <i>O galego no primeiro terzo do século XX: o nacemento das Irmandades da Fala</i> .	42.500,00 €	30.12.2016
Addenda ao convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do estudo <i>A pegada da emigración galega na literatura</i> .	40.000,00 €	30.12.2016
Addenda ao convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do estudo <i>As mulleres na literatura galega e a súa proxección exterior. Kathleen Nora March</i> .	40.000,00 €	30.12.2016

